



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Novo regulamento europeo en materia de tratamento de datos persoais

CONVOCATORIA: Convocatoria ENTES PÚBLICOS

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

| | | | | | |
|-------------------------|----------------|-------------------|---------------|------------------|------|
| CUALIFICACIÓN: | APROVEITAMENTO | PLAN: | F. FINALISTAS | HORAS: | 20 |
| ADMINISTRACIÓN: | AUTONÓMICA | ESTADO: | ANULADO | ANO: | 2017 |
| MOD.IMPARTICIÓN: | PRESENCIAL | TIPOLOXÍA: | XERAL | EDICIÓNS: | 1 |

DATA MATRÍCULA: Do 08/03/2017 - 08:00h ao 17/03/2017 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O novo Regulamento (UE) 2016/679, relativo á protección das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), vai superar o marco definido pola lexislación española na materia (Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento). Aínda que o Regulamento so será aplicable a partires do 25 de maio de 2018 atópase xa vixente, e por mor da súa primacía e efecto directo sobre a normativa interna sen necesidade de transposición, a Administración precisa irse adaptando axiña a este novo marco regulador, de xeito que o seu persoal necesita coñecer esta disposición xeral e horizontal para preservar correctamente os dereitos básicos no eido do tratamento dos datos dos administrados en xeral.

DESTINATARIOS

Persoal de Entes Públicos de Galicia e Institucións Públicas Autonómicas.

PROGRAMA

A protección de datos persoais no Dereito primario da UE.

Causas da superación da Directiva 95/46/CE, relativa á protección das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Ámbito de aplicación do Regulamento e definicións auténticas. Autoridades públicas que non deben considerarse destinatarios de datos.

A Directiva (UE) 2016/680, relativa á protección das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais por parte das autoridades competentes e a Directiva 2003/98/CE, relativa á reutilización da información do sector público.

Tratamento de datos na UE: principios, licitude, consentemento e tratamento de categorías especiais. Consentemento perante unha autoridade pública.

Dereitos do interesado como cidadán e administrado. Tratamento de datos e Fondos europeos.

Responsables e encargados do tratamento de datos persoais: obrigas e responsabilidades. Seguridade dos datos.

Avaliación de impacto relativa á protección de datos. Control na aplicación do Regulamento UE. Recursos, responsabilidades e sancións.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 16/10/2017 a 23/10/2017

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 23/10/2017

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE